

Límiar do director

Domíngoo L. González Lopo

Con grande satisfacción chegamos unha vez máis á cita cos nosos lectores. Un novo número, unha nova arela acadada e unha nova proba do crecente dinamismo da nosa revista, grazas ó apoio dun meirande número, non só de lectores e subscritores, senón tamén de colaboradores xenerosos que nos permiten ofrecer un groso volume cheo de artigos de grande interese, no que se reflicte unha variedade temática que abrangue os campos da Historia, a Xeografía, a Antropoloxía, a Filosofía, a Arte e a Paleografía, miscelánea que contribúe a afondar o coñecemento da nosa realidade máis próxima, pero tamén manifesta a maior proxección –intelectual e xeográfica– de *Rudesindus*, que acada así un dos seus obxectivos, mailos da Academia da que é voceira.

Só me resta agradecer a cantos nos manifestan a súa confianza, a constancia con que tan xenerosamente nos mostran a súa adhesión. E, de xeito especial, ó *Ámbito Cultural de El Corte Inglés* polo incondicional apoio económico, tan vital nestes difíciles tempos que estamos a vivir.

RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura

